

Relacións Igrexa-Estado.

Os seguintes documentos permiten a realización dunha redacción que teña por tema central as relacións entre a Igrexa e o Estado dende a implantación do liberalismo na década de 1830 ata o franquismo. Dende a inicial confrontación que a liquidación do Antigo Réxime supón, e que exemplifica a desamortización (Doc.1.), as relacións Igrexa-Estado serán cambiantes, en función do carácter conservador ou progresista dos distintos gobernos e rexímenes políticos; en liñas xerais, nos períodos de predominio conservador o poder político favoreceu a Igrexa, facéndolle importantes concesións e buscando o seu apoio (D.2), ocorrendo o fenómeno contrario en momentos como a Segunda República (D.3). A Igrexa, que non agachou as súas simpatías polo bando sublevado durante a guerra civil, constituiría un dos piares do réxime franquista (D.4). Lembra que debes contextualizar os documentos e referirte aos seus contidos ao longo da túa exposición, pois non se trata de elaborar o tema de referencia á marxe das fontes propostas.

Doc.1.- Desamortización (1836):

“ Art.1º. Quedan declarados en estado de venda dende agora todos os bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas (...)”.

Doc.2.- Concordato entre o Estado español e a Santa Sé (1851):

“ Art.1. A relixión católica, apostólica, romana, que con exclusión de calquera outro culto continúa sendo a única da nación española, conservarase sempre nos dominios de S. M. Católica con todos os dereitos e prerrogativas de que debe gozar segundo a lei de Deus e o disposto polos sagrados canons.

Art. 2. Na súa consecuencia e instrucción nas Universidades, Colexios, Seminarios e Escolas públicas ou privadas de calquera clase, será en todo conforme á doutrina da mesma relixión católica; e a este fin non se poñerá impedimento ningún aos bispos e demais prelados diocesanos encargados polo seu ministerio de velar pola pureza da doutrina da fe e dos costumes, e pola educación relixiosa da xuventude no exercicio deste cargo, mesmo nas escolas públicas”.

Doc.3.- Constitución de 1931:

“ Art.3. O Estado español non ten relixión oficial (...).

Art 26 (...) O Estado, as rexións, as provincias e os municipios non manterán, favorecerán, nin auxiliarán economicamente ás Igrexas, Asociacións, e Institucións relixiosas. Unha lei especial regulará a total extinción, nun prazo máximo de dous anos, do orzamento do clero”.

Doc.4.- Normas para la Escuela Primaria. 1939. Año de la Victoria:

“ O oprobio dunha escola laica rematou. Para formar españois profundos, crentes e patriotas austeros España rexorde, gloriosa, polo esforzo decidido e xigante dos seus fillos, dos que morreron alegremente por ela, dos que por ela se sacrificaron e quixeron renderlle o mellor e máis espléndido da súa vida. A escola ten que recoller o ambiente heroico das juventudes guiadas polo Caudillo á Vitoria...

1ª A reposición do Santo Crucifixo marca a apertura do curso (...)

2ª Ademais do retrato do Caudillo, haberá no salón de clase unha imaxe da Virxe, con preferencia da Inmaculada, e en sitio preferente (...)

4ª Á entrada na escola os nenos saudarán co tradicional Ave María Purísima, sendo contestados polo mestre: Sin pecado concebida (...).”

Durante os reinados absolutistas previos á revolución liberal, as relacións entre a Igrexa e o poder eran moi estreitas, había unha xustificación divina do poder absoluto dos monarcas, o Clero era un estamento privilexiado xunto coa Nobreza, contaba con institucións xurídicas propias como o Tribunal da Inquisición, eran propietarios de terras concedidas polos reis ou por particulares (mans mortas), por estas cobraban rendas e servizos aos capesiños e non pagaban impostos de ningún tipo. A sociedade, incluídas autoridades e elites dirixentes, era profundamente relixiosa. A doutrina católica e as súas ceremonias eran aceptadas e practicadas con fervor; estas prácticas, especialmente entre as masas populares, aparecían mesturadas con variadas e numerosas crenzas supersticiosas. A asunción polos monarcas españois e os seus gobernos da defensa do dogma católico fronte á herexía e ás desviacións, levaría a situacións de intransixencia e intolerancia relixiosa (Inquisición)

Coa chegada do liberalismo a situación foi cambiando pouco a pouco. Os liberais tentaron limitar o poder eclesiástico de diversas maneiras; se dominaban os progresistas, estes poñían en marcha as desamortizacións, se dominaban os moderados, intentábanse de novo as boas relacións coa Igrexa. De tódolos xeitos as reformas sobre a propiedade, e as xurídicas (desaparición dos dereitos xurisdiccionais, do vasalaxe , das cargas campesinas etc) dictadas polo liberalismo (tanto moderado como progresista) ,e a economía liberal que pouco a pouco se irá impondo acabarán minando o poder do que gozaba a Igrexa no Antigo Réxime. Esta perda de privilexios afectará á súa economía pero tamén á súa influencia na moral social

As primeiras medidas reformistas aparecerán en 1810/12, na obra lexislativa realizada en Cadiz: supresión da Inquisición, eliminación dos privilexios de orixe feudal, dos señoríos xurisdiccionais, unha desamortización. De tódolos xeitos a Constitución de 1812 declara a relixión católica como oficial e única autorizada. Estas primeiras medidas tiveron escasa vixencia pola restauración do absolutismo por parte de Fernando VII, volvéndose a poñer en práctica durante o Trienio Liberal (1820-23), e volvendo outra vez a ser paralizadas por posteriores gobernos absolutistas.

Foi no reinado de Isabel II, xa definitivamente instalados os liberais no poder, cando se realizou a transformación do réxime de propiedade (1835-1855), destacando a actuación dos progresistas Mendizábal, Espartero e Madoz.

No contexto da revolución liberal deses anos, o progresista Mendizábal acometeu a desamortización eclesiástica á que fai referencia o **Doc.1**. Houbo dous decretos que afectaron, basicamente, ao clero regular. Polo decreto de 1835 quedaban suprimidos os mosteiros das ordes monacais, con excepción daqueles que prestasen servizos de auxilio social (enfermos, pobres). Outro decreto de 1836 , que é o texto aquí presente, declaraba en venda todos os bens raíces das institucións suprimidas. A finalidade era solucionar os problemas facendísticos, ampliar os apoios ó réxime liberal fronte ó carlismo e dismantelar o poder económico da Igrexa, considerada como un baluarte do antigo réxime e , en boa parte, simpatizante do carlismo.

Durante a rexencia de Espartero (1841) completouse esta desamortización

A partir de 1844 os gobernos moderados paralizaron o proceso e acadaron un acordo co Vaticano: Concordato de 1851, que temos referido no **Doc.2**. pola que a Igrexa aceptaba as vendas xa realizadas e levantaba a condena que pesaba sobre gobernantes e compradores dos bens desamortizados, a cambio de que o goberno español sostivese economicamente ao clero, se considerase ao catolicismo como a relixión do Estado, se prohibise a practica de calquera outro culto, do predominio

religioso en materia educativa etc. As clases acomodadas garantían así definitivamente as posesións adquiridas e vían na Igrexa unha aliada para o control da sociedade.

O proceso desamortizador rematará en 1855 con Madoz. O balance desamortizador será negativo para a Igrexa pois verá decrecer as súas posesións e sufrirá cuantiosas perdas no patrimonio artístico e cultural, debido á exclaustación e ó abandono de conventos ; aparte da perda de poder económico e político. Os efectivos do clero quedaron reducidos á terceira parte. De todos modos, tendo en conta que a maioría da sociedade española do XIX conserva unha fonda relixiosidade de corte tradicional, a súa influencia seguiu sendo importante

O liberalismo democrático continuará o empeño de restar influencia ao sector eclesiástico e a Constitución democrática de 1869 falará de liberdade de cultos, eliminando a confesionalidade do Estado, eso sí, a nación obrígase a manter o culto e aos ministros da relixión católica. Durante esta etapa, o chamado Sexenio Democrático, o primeiro intento de separación da Igrexa e o Estado ía ser dado pola 1ª República pero todo se quedou nun proxecto de Constitución que non deu tempo a aprobar.. Coa Restauración da monarquía borbónica, vóltase ao conservadurismo e volve haber catolicismo de Estado, eso sí, reconécese a liberdade de conciencia e de culto. En síntese , o réxime político da Restauración foi un réxime oligárquico, clerical en moitos aspectos, sen democracia, cunha clase política formada por camarillas de notables unidas para poder ocupar os cargos públicos. Un réxime que manifestaba o profundo egoísmo social dos grupos dominantes incluída a Igrexa, que pretenderon simplemente asegurar o seu monopolio do poder e protexer a súa hexemonía social e económica. Cada vez hai unha maior fractura social en España. Relacionado con isto que acabamos de describir estaría a aparición dunha corrente anticlerical, minoritaria polo de agora, que comezará a manifestarse en certos actos de protesta: manifestacións, mítíns, queima de conventos.

Chegamos así ó século XX e a 2ª República. A sociedade española esta dividida e enfrontada, o bloque de poder tradicional (terratenentes, burguesía financeira e industrial) non admiten reformas, como consecuencia as masas traballadoras ven empeorar a súa situación e se radicalizan. A Igrexa esta ó lado dos primeiros. A Constitución de 1931, da que fala o **Doc 3**. modifica as relacións Igrexa-Estado: o Estado é laico.

No momento de proclamarse a República a maioría da xerarquía eclesiástica era moi conservadora, e non estaba disposta a perder o dominio ideolóxico, cultural e social que tiña desde había séculos. Pero, ao mesmo tempo, fora medrando esa corrente anticlerical da que falamos antes, e tiña forte presenza nos partidos republicanos e nas organizacións sindicais de esquerdas. Os ataques violentos a conventos e igrexas tamén van en aumento. O enfrontamento entre a Igrexa e o estado acentúase tras a aprobación da Constitución.

A política de secularización levada a cabo polo goberno (*España deixou de ser católica*, afirmou Azaña referíndose a que a relixiosidade debía quedar limitada ás prácticas individuais) incluía medidas como a separación Igrexa-Estado, a extinción do orzamento do clero, a liberalización de cultos, a secularización dos cemiterios, o matrimonio, o divorcio, e a imposición de certas limitacións á Igrexa (necesidade de autorización para as manifestacións públicas de culto, a prohibición ás ordes relixiosas de ensinar e de realizar calquer tipo de actividade económica, a disolución dos xesuítas). A falla de flexibilidade por parte de todos fixo que a cuestión relixiosa

fose un dos motivos claves da guerra civil. A Igrexa, nunca aceptou esa perda de privilexios e sempre se posicionou en contra das forzas de esquerda, sempre apoiou ós monárquicos, ós carlistas e ós falanxistas.

A Igrexa católica bendeceu a sublevación militar como unha Cruzada fronte ó materialismo, e a Franco como o home escollido pola Divina Providencia para salvar a España do comunismo ateo. Apoiou a dictadura de Franco, lexitimándolo ideoloxicamente ante as masas (“ Caudillo de España pola gracia de Deus”). Triunfaba unha visión integrista do catolicismo: o nacionalcatolicismo. A Igrexa obtina enormes privilexios. A relixión católica era a oficial e o matrimonio civil ,o divorcio e o aborto quedaron prohibidos. Subvencionábase ó clero. A participación nos actos litúrxicos (misas, bodas, procesións etc) era obligatoria practicamente para os españois.

A Igrexa controlaba prensa e ensino, a este respecto temos o **Doc 4**. as normas para aplicar na escola primaria dictadas xa durante a guerra para entar en funcionamento na España nacional. A relixión católica era obligatoria nas escolas, os libros de texto eran censurados e as ordes relixiosas tiñan grandes facilidades para montar colexios. Franco tiña dereito a presentar Bispos ante o Vaticano e obtina honores simbólicos (entrar baixo palio nas igrexas). As relacións entre o Goberno e a Santa Sede reguláronse no Concordato de 1953.

Dende os anos 50 intelectuais católicos, en contacto con correntes europeas, tentaron un catolicismo liberal e nos arrabaldos das grandes cidades os curas-obreiros facían súas as reivindicacións obreiras creando dúas organizacións: a HOAC (Irmandades obreiras de Acción católica) e a JOC (Xuventude obreira Católica)

Nos anos 60, O Concilio Vaticano II (1962-65) , convocado por Juan XXIII, abriu a Igrexa ao diálogo coas novas correntes de pensamento. Moitos curas e xoves católicos participaron en movementos antifranquistas, especialmente en Cataluña e País Vasco. O Papa Pablo VI, oposto a unha alianza co franquismo, conseguiu nomear novos Bispos críticos, entre os que destacou o Cardenal Tarancon. En 1973 os Bispos pediron a revisión do Concordato e o respecto á pluralidade política e ideolóxica